

# O LIBRO DAS MARABILLAS MARCO POLO

TRADUCIÓN DE MAITE JIMÉNEZ PÉREZ



Aira

## INTRODUCCIÓN

*Kublai pregúntalle a Marco:*

*—Cando regreses ó Poñente, ¿repetiraslle á túa xente os mesmos contos que me contas a min?*

*—Eu falo e falo —di Marco—, mais quen me escoita retén só as palabras que espera. Unha é a descrición do mundo á que ti prestas o teu benigno oído, outra aquela a que llelo han prestar o corro de descargadores e gondoleiros nos embarcadoiros da miña casa o día da miña volta; outra aínda a que poderei dictar en idade avanzada, se resultase prisioneiro dos piratas xenoveses e encadeado na mesma cela cun escritor de novelas de cabaleiría. Quen manda no conto non é a voz: é o oído.*

Italo Calvino, *As cidades invisibles*, IX<sup>1</sup>

No 1204 os cabaleiros cruzados asaltaron Constantinopla no curso da Cuarta Cruzada. Uns 10.000 soldados venecianos comandados polo dux Enrico Dandolo fixéronse cun enorme botín, no que se achaban os famosos cabalos de bronce do hipódromo da cidade<sup>2</sup>. Os cruzados pedíranlle á República cartos para o financiamento da Cruzada a cambio dunha xenerosa participación nas ganancias.

<sup>1</sup> Calvino, I., *As cidades invisibles*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo 2000. Tradución e prólogo de Miguel Anxo Murado.

<sup>2</sup> Cincuenta anos despois instaláronse na galería da basílica de San Marcos. Cinco séculos máis tarde, no 1797, Napoleón saqueou a República de Venecia e levou para Francia os cabalos xunto con outras obras de arte. O emperador quixo que coroasen o Arco de Triunfo do Carrusel. Os cabalos e tamén o león de Venecia foron devoltos no 1815 tras a derrota de Waterloo.

Por iso, coa conquista e saqueo de Constantinopla, abríronse numerosas sucursais venecianas na cidade. Tamén se instalaron alí os Polo, activos comerciantes venecianos, que non quixeron quedar á marxe no escenario comercial oriental que acababa de abrirse.

Máis tarde, a familia Polo —Marco, o Vello; Niccolò e Matteo— abriu unha sucursal en Crimea, na cidade de Sudak, punto de partida das novas rutas que se dirixían cara ao Oriente.

Kublai Khan conquistara e pacificara un territorio enorme. Con el iniciouse o período coñecido como *pax mongolica*, e por primeira vez na historia un só home gobernaba o mundo desde o Pacífico até o mar Negro. O khan estaba interesado nas alianzas co Occidente cristián para lograr acceso ao Mediterráneo, amais de perseguir pactos que reforzasen a súa política antiislámica. Os mongois lograran arrebatarlle ao Califato o control sobre o comercio, e coa expansión do seu imperio, a Ruta da Seda quedara nas mans dos fillos de Xenxis Khan.

Oriente ofrecíalles un mercado moi saboroso aos occidentais non só pola ausencia de competencia, senón tamén pola rareza das mercadorías que viñan de alí, sobre todo a seda da China e as perlas do océano Índico, que se intercambiaban con produtos manufacturados de Occidente, como xoias, enxeños mecánicos, etc.

Niccolò e Matteo Polo partiron de Sudak no 1260 levando consigo un rico cargamento de xoias. Pararon algúns meses en Bólgar, na corte de Berke Khan, neto de Xenxis Khan e khan da Horda de Ouro. Chegaron despois a Bukhara, onde permaneceron tres anos, para continuar a súa viaxe a través de Asia central cunha embaixada de Hulagu

Khan, primeiro khan do ilkhanato de Persia, a Kublai Khan, gran señor dos mongois e emperador da China.

Despois dun ano de viaxe chegaron a Xanadú, preto de Pequín, a mítica cidade que foi icona do orientalismo romántico, onde se atopaba a corte imperial mongol.

Os Polo foron os primeiros europeos en completar esta longa viaxe, aínda que entre o 1245 e 1255 xa visitaran Karakórum, a capital mongol, entre outros, os misioneiros Giovanni da Pian del Carpine e Van Ruysbroeck, máis coñecido por Rubruquis, frade franciscano enviado por Luís IX de Francia.

Pasaron uns meses na corte de Kublai, quen, ao despedilos, lles encargou unha embaixada para o papa. Nela pedíalle que lle enviase uns homes sabios que introducisen na China a relixión cristiá, sobre todo para contrarrestar o prestixio dos lamas tibetanos. Os irmáns Polo fixeron a viaxe de volta desde Xanadú até Venecia, onde chegaron no 1269.

Niccolò Polo soubo que a súa muller morrera deixando un fillo de quince anos, Marco, nado no 1254, o que el aínda non coñecía, e que xa era grande bastante para acompañar o pai e o tío na súa segunda expedición. En Acre recibiron do novo pontífice Gregorio X cartas e regalos para o gran khan dos mongois, así como tamén unha ampola con aceite do santo sepulcro, que Kublai lles pedira.

Esta viaxe, que describirá Marco Polo no *Milione*, comezou en Laias no 1271 e atravesou Turquía, Armenia, Afganistán, o Pamir, os desertos de Lop e Gobi, as estepas de Mongolia e as primeiras cidades do Catai, para chegar até Xanadú, a residencia estival, non lonxe da capital Cambaluc (Pequín).

Os Polo estiveron na China dezasete anos (1275-1292), tempo no que Marco aprendeu algunhas das linguas que se falaban no imperio e granxeouse a estima e a confianza de Kublai, quen o nomeou embaixador en diferentes misións, grazas ás que visitou os territorios máis remotos do vasto Imperio mongol.

A oportunidade de regresaren a Venecia brindóullela a oferta de matrimonio de Arghun Khan, cuarto khan do il-khanato de Persia, a unha princesa de estirpe imperial: a dama Kokachin. Para os seus esposais debía percorrer un camiño moi perigoso, de modo que Kublai decidiu que a viaxe se realizaría por mar e coa escolta dos Polo. No 1292 unha flota de catorce barcos fíxose ao mar desde o porto de Zaitón. O séquito de Kokachin tivo que parar cinco meses na illa de Sumatra debido ao monzón estival. Finalmente a viaxe proseguiu por Ceilán e a costa meridional da India até que chegaron a Ormuz ao cabo de dezaioito meses.

Os Polo permaneceron nove meses na corte persa, para despois retomar a viaxe cara a Europa. Chegaron a Venecia no 1295, vinte e catro anos despois da súa partida.

No curso do conflito entre as repúblicas de Venecia e Xénova, Marco Polo foi apresado polos xenoveses tras a batalla de Curzola do 1298 e encerrado no cárcere de Xénova. O seu compañeiro de cela foi Rustichello de Pisa, escritor de novelas de cabalaría do ciclo artúrico. É comunmente aceptado que entre os dous redactaron un texto sobre a aventura oriental do veneciano na corte do gran khan.

A tradición impúxolle o título de *Milione* a un dos textos máis complexos e fascinantes da literatura italiana. Ao longo do tempo, aquel relato de Marco Polo da súa viaxe á corte do gran khan ditado a Rustichello no cárcere foi mudando de contido segundo as circunstancias.

Como é sabido, os libros teñen o seu propio destino. *Il Milione* converteuse decontado nun tecido no que fiaron e bordaron varias mans con intereses moi diversos, que van desde o puro divertimento e a curiosidade polo mundo descoñecido até os estritamente económicos, xa que o noso texto axiña serviu de guía comercial para mercadores e navegantes: acompañou a Colón, que nunca deixou de buscar o Catai e o Zipango de Marco Polo, e tamén os primeiros colonizadores portugueses e casteláns en Oriente.

O relato da viaxe de Marco Polo obtivo un éxito fulgurante desde os primeiros anos do século XIV. A redacción orixinal en dialecto franco-italiano de Rustichello de Pisa axiña se transformou, dando lugar a intervencións, modificacións e traducións motivadas polo gusto e as necesidades dos lectores. A historia da redacción do libro segue a ser un poderoso estímulo para filólogos e historiadores aínda nos nosos tempos. As investigacións funden as súas raíces no proemio do libro que figura na meirande parte da tradición manuscrita, onde se convoca a todos os que desexen coñecer as marabillas do mundo, sexan estes emperadores, reis, nobres, cabaleiros ou burgueses a leren os acontecementos vividos por Marco Polo, nobre cidadán de Venecia.

O noso viaxeiro preséntase ante nós coma se presentou Odiseo no palacio de Alcínoo, rei dos feacios: un contador de aventuras. Os oíntes e os lectores deste tipo de narradores fican encandeados pola fábula, porque a verdade, cando non se coñece, semella unha «marabilla», e ben contado, o relato pode parecer completamente verídico.

Marco Polo debeu de tomar os seus apuntamentos sobre as cousas vistas e vividas, dos lugares que visitou e das noticias que recibiu do que el non puido ver cos seus ollos. Imaxinamos que Rustichello actuou de redactor dos testemuños que

lle transmitiu o noso viaxeiro, e creou un libro que lle permitía ao lector traspasar as fronteiras dese «horizonte onírico»<sup>3</sup> que era Oriente para os homes da fin da Idade Media.

O noso viaxeiro non se afasta da tradición dos *mirabilia*, as compilacións de relatos fabulosos sobre mundos descoñecidos, lendarios e remotos, cos que os lectores da Idade Media e de todos os tempos tanto se abraiaron. Porén, o *Milione* tenta en todo momento conseguir o difícil equilibrio entre o testemuño e a lenda, que se sustenta sobre todo no feito do relato dos acontecementos vividos.

Marco Polo foi denominado nalgunha ocasión o Heródoto da Idade Media. Como o viaxeiro e historiador grego, tamén adoita incluír no seu relato anécdotas e digresións que o afastan do propósito orixinal, pero que para o lector moderno resultan de enorme valor literario.

Rustichello escribiu en franco-italiano o *Divisament dou monde* (ou *Livre des merveilles dou monde*). A redacción orixinal perdeuse, pero o seu contido quedou recollido, de xeito máis ou menos fiel, en máis de cen manuscritos redactados en diversas linguas: franco-italiano, francés, latín, toscano, alemán, castelán, irlandés, etc. Os títulos dados á obra tamén dan noticia das numerosas reescrituras. No *Milione* parecen convivir dúas almas<sup>4</sup> con cadansúa tentación: a dimensión fantástica e novelesca, e a xeográfica, etnográfica e mercantil.

A versión francesa, derivada da copia confiada no 1307 polo propio Polo a Thibaud de Chépo y e levada por este a Francia, tivo moito éxito entre a nobreza debido ao exotismo e á aventura do relato. O título *Livre des Merveilles* ilustra perfectamente as expectativas do público francés.

<sup>3</sup> LE GOFF (1977).

<sup>4</sup> BATTAGLIA, L. p 116.